

# CONCERTO DAS LETRAS GALEGAS



2015

PROGRAMA



Auditorio Sede Afundación Pontevedra  
16 de maio de 2015 | 21:00 h



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

# CONCERTO DAS LETRAS GALEGAS

**REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA**  
ORQUESTRA

**MAXIMINO ZUMALAVE**  
DIRECTOR

**CARMEN DURÁN**  
SOPRANO

**GABRIEL ALONSO DÍAZ**  
BARÍTONO

Auditorio Sede Afundación  
Pontevedra

16 de maio de 2015

21:00 horas

## Música en homenaxe ao *vello profesor*

Ramón Villares

O Concerto das Letras Galegas chega de novo a Pontevedra para homenaxear a figura do *vello profesor*. Co desta noite son xa cinco anos de traballo fiel a esta celebración da lingua a raíz de textos poéticos e adaptacións musicais relacionadas coa figura académica elixida en cada ocasión. Este concerto retoma, en certa medida, as pegadas dun proxecto moi frutífero, aínda que efémero no tempo, como foi o Festival da Canción Galega, desenvolvido nesta cidade entre 1960 e 1967. Un encontro que garda certos parecidos co que hoxe nos reúne e que no seu momento brindou a oportunidade de dar partituras de calidade a poemas en lingua galega e no que Filgueira Valverde tivo moito que ver.

Coa colaboración doutro pontevedrés ilustre, musicólogo e un dos críticos de referencia na música clásica, Antonio Fernández-Cid, Filgueira conseguiu daquela que grandes músicos de España, Portugal e, mesmo, dalgún outro país de alén mar puxeran melodía a uns 73 poemas en lingua galega. E traballou para que o festival se asentase no tecido cultural da cidade e establecese un xermolo de futuro que irradia ata o presente.

Na dilatada traxectoria de Filgueira hai tupidos e sólidos vencellos do seu saber facer co ámbito musical. Primeiro, porque formaba parte da súa rutina diaria xa que, entre o faladoiro familiar da sobremesa e o inicio do seu traballo, Filgueira tiña o hábito de escoitar música. Segundo, porque medrou asistindo aos faladoiros de Losada Diéguez e Antonio Iglesias Vilarelle, onde se escoitaba a música

de Mili Balákirev, Rimski-Kórsakov ou Alexander Bodorin, membros de *Os Cinco*, círculo que rompeu coa tendencia occidentalizadora ao compoñer unha música culta asentada na tradición musical rusa. Filgueira tamén coñeceu os faladoiros de Perfecto Feijoo, nos que naceron os Coros Tradicionais Galegos, e os de Castro Sampedro. Toda esta bagaxe moldeou un home cunha gran sensibilidade musical que deixou tras de si certames, formacións e, mesmo, obra literaria relacionada co mundo sonoro.

Toda esta presenza da música en Filgueira está no programa desta noite. Dunha banda, coas obras de Antonio Iglesias Vilarelle, do que se presenta a suite para frauta e instrumentos de arco *Chucurruchu*. Da outra, coas catro cancións sobre textos de Manuel Curros Enríquez compostas por José Castro *Chané*. Pero, sobre todo, destaca a obra que temos a ocasión de escoitar por primeira vez. Xavier de Paz foi o encargado de poñer música a dúas cantigas que Filgueira Valverde escribiu como contestación a *Ángeles de Compostela*, versos que lle dedicou ao pontevedrés o poeta, músico e mestre Gerardo Diego. Esta estrea encádrase na intención do Consello da Cultura Galega de ir configurando un modesto corpus orquestral sobre lírica galega.

Por último, aínda que Filgueira Valverde está presente nesta ocasión por razón obvias, en realidade a súa influencia planou desde sempre neste proxecto. En edicións anteriores, no primeiro Concerto das Letras en Compostela ou no do ano pasado en Lugo, interpretáronse as *Cantigas de Mar "in Modo Antico"*, escritas por Filgueira e musicadas por Roxelio Groba, e que hoxe deixan espazo a un achado inesperado pero non por iso menos relevante. O compositor portugués José Manuel Joly Braga Santos dedicoulle, en 1982, á soprano María Orán unha composición sobre os textos dos *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro. Resulta tan significativa

como honrosa a elección de Rosalía entre toda a lírica española a mans dun creador portugués para dedicarlle unha composición a unha destacada soprano, e que rescatamos para esta noite.

A habilidade de Filgueira para enrolar colaboradores dos seus empeños está dalgún modo presente neste Concerto das Letras Gallegas. A colaboración do Consorcio da Cidade de Santiago, que lle volveu permitir á Real Filharmonía de Galicia interpretar o programa musical; a da Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra, cuxa historia está intimamente ligada á biografía de Filgueira; e a da Fundación Abanca, por darnos acubillo a todos, fixeron posible esta cita. Pero tamén a implicación profesional, persoal e institucional de Maximino Zumalave para que iniciativas como as desta noite nos permitan, ao estilo de Filgueira, incorporar a música culta e a lírica na nosa rutina diaria.

# PROGRAMA

## **CANTARES GALLEGOS** (Rosalía de Castro)

JOLY BRAGA SANTOS

I Campanas de Bastabales

II Aló, pola mañanciña

III Paseniño, paseniño

IV Cada estrela o seu diamante

V Corre o vento, o río pasa

**Solista: Carmen Durán**

## **CATRO CANCIÓNS SOBRE TEXTOS DE MANUEL CURROS ENRÍQUEZ**

JOSÉ CASTRO "CHANÉ"/ ORO. J. DURÁN

Cantiga

Os teus ollos

Tangaraños

Un adiós a Mariquiña

**Solista: Gabriel Alonso Díaz**

## **"SUITE" PARA FRAUTA E INSTRUMENTOS DE ARCO. CHUCURRUCHU**

ANTONIO IGLESIAS VILARELLE

Alborada. Largo

Corpo Santo. Andante con moto

Despedida. Allegro Giocoso

## **DÚAS CANTIGAS** (Xosé Filgueira Valverde)

XAVIER DE PAZ


Obra de encargo, estrea absoluta

Cantiga I

Cantiga II

**Solistas: Carmen Durán e Gabriel Alonso Díaz**

**POEMAS EN QUE ESTÁN BASEADAS  
AS PEZAS MUSICAIS DO PROGRAMA**



*Campanas de Bastabales,  
Cando vos oyo tocar,  
Mórrome de soidades.*

I

Cando vos oyo tocar,  
Campaniñas, campaniñas,  
Sin querer torno á chorar.

Cando de lonxe vos oyo,  
Penso que por min chamades,  
E das entrañas me doyo.

Dóyome de dor ferida,  
Qu' antes tiña vida enteira,  
Y oxe teño media vida.

Solo media me deixaron  
Os que d' aló me trouxeron,  
Os que d' aló me roubaron.

Non me roubaran, traidores,  
¡Ay! uns amores toliños,  
¡Ay! uns toliños amores.

Qu' os amores xa fuxiron,  
As soidades viñeron...  
De pena me consumiron.

II

Aló pó la mañanciña  
Subo enriba dos outeiros,  
Lixeiriña, lixeiriña.

Com' unha craba lixeira,  
Para oír das campaniñas  
A batalada pirmeira.

A pirmeira d' alborada  
Que me traen os airiños,  
Por me ver mais consolada.

Por me ver menos chorosa,  
Nas suas alas má traen  
Rebuldeira e queixumbrosa.

Queixumbrosa e retembrando  
Por antr' e verd' espesura,  
Por antr' o verde arborado.

E pó la verde pradeira,  
Por riba da veiga llana  
Rebuldeira e rebuldeira.

III

Paseniño, paseniño,  
Vou pó la tarde calada,  
De Bastabales camiño.

Camiño do meu contento;  
Y en tant' o sol non s' esconde,  
Nunha pedriña me sento.

E sentada estou mirando,  
Com' á lua vay sahindo,  
Com' ó sol se vay deitando.

Cál se deita, cál s' esconde  
Mentras tanto corre á lua  
Sin saberse para donde.

Para donde vay tan soya,  
Sin qu' á os tristes qu' á miramos  
Nin nos fale, nin nos oya.

Que si oira e nos falara,  
Moitas cousas lle dixera,  
Moitas cousas lle contara.

IV

Cada estrela, o seu diamante;  
Cada nube, branca pruma,  
Trist' á lua marcha diante.

Diante marcha crarexando  
Veigas, prados, montes, rios,  
Dond' ó dia, vay faltando.

Falt' ó dia, e noit' escura  
Vaixa, vaixa, pouc' á pouco,  
Por montañas de verdura.

De verdur' e de follaxe,  
Salpicada de fontañas  
Vaixo á sombra do ramaxe.

Do ramaxe donde cantan  
Paxariños piadores,  
Que c' á aurora se levantan.

Que c' á noite s' adormecen  
Para que canten os grilos  
Que c' as sombras aparecen.

V

Corre ó vento, ó rio pasa,  
Corren nubes, nubes corren  
Camiño da miña casa.


Miña casa, meu abrigo:  
Vanse todos, eu me quedo,  
Sin compañía, nin amigo.

Eu me quedo contemplando  
As laradas d' ás casiñas  
Por quen vivo suspirando.

Ven á noite... morre ó dia,  
As campanas tocan lonxe  
O tocar d' *Ave Maria*.

Elas tocan pra que rece,  
Eu non rezo, qu' os saloucos  
Afogandome parece  
Que por min tèn que rezar;  
*Campanas de Bastabales,  
Cando vos oyo tocar,  
Mórrome de soidades.*

**"Campanas de Bastabales"  
en Rosalía de Castro, *Cantares  
gallegos*, 1863.**



No xardín unha noite sentada  
ó refrexo do branco luar  
unha nena choraba sin trégoas  
os desdés dun ingrato galán.  
I a coitada entre queixas decía:  
"Xa no mundo non teño ninguén,  
vou morrer e non ven os meus ollos  
os olliños do meu doce ben".

Os seus ecos de malenconía  
camiñaban nas alas do vento,  
i o lamento  
repetía:  
"Vou morrer e non ven ó meu ben!"

Lonxe dela, de pé sobre a popa  
dun aleve negreiro vapor,  
emigrado, camiño de América  
vai o probe, infelís amador.

I ó mirar as xentís anduriñas  
cara a terra que deixa cruzar:  
"Quen pudera dar volta –pensaba –,  
quen pudera convosco voar!..."

Mais as aves i o buque fuxían  
sin ouír seus amargos lamentos;  
sólo os ventos  
repetían:  
"Quen pudera convosco voar!"

Noites craras, de aromas e lúa,  
desde entón ¡que tristeza en vós hai  
prós que viron chorar unha nena,  
prós que viron un barco marchar!...

Dun amor celestial, verdadeiro,  
quedou sólo, de bágoas a proba,  
unha cova  
nun outeiro  
i on cadavre no fondo do mar.

**"Cantiga", en Manuel Curros  
Enríquez, *Aires da miña terra*, 1880.  
Publicado en *Poesía galega completa*,  
edición de Carlos Casares, 1992.**

Ten a serena o canto  
i a serpe o alento;  
o lago ten a onda,  
Dios ten o inferno.

Ti tes de abondo  
co que tes escondido  
neses teus ollos.

[...]

Cando se pon a lúa  
tras dos penedos,  
choran as estrelas  
todas do ceo  
Tamén eu choro  
cando non me alumean  
eses teus ollos.

**"Ten a serena o canto", en  
Manuel Curros Enríquez, *Aires  
da miña terra*, 1880. Publicado  
en *Poesía galega completa*,  
edición de Carlos Casares, 1992.**

M. Curros Enríquez



I  
San Benito de Coba de Lobo  
ten no cumo un penedo furado,  
de tan rara virtude ortopédeca  
que é asombro do mundo cristiano.

Cando nace un miniño tolleito,  
seus parentes oférceno ó santo,  
e mitido nun queipo de bimio,  
alá o levan á festa en chegando.

I aos dous lados da boca da pena,  
que lle colle dun lado a outro lado,  
din a nai i a madriña do renco  
pola gorxa de pedra pasándoo:

–Ten conta, santiño  
do meu tangaraño:  
doente cho deixo,  
devólvemo sano.

I esto digo tres veces arreo,  
sin refolgo tomar nin descanso,  
o coitado do entangarañado  
queda xa desentangarañado.

San Benito de Coba de Lobo,  
San Benito quirido, meu santo,  
tamén eu, probe vella achacosa,  
que xa tiven de fillos un fato,

xorobados do corpo ou da ialma,  
da concencia ou dos membros baldados,  
tamén eu vin buscar medicina  
prós meus nenos no voso santuario.

E despois de deixarvos nas aras  
seis pernils de porco cebado,  
eu tamén, eu tamén, de fe chea,  
repitín aquel místico ensalmo:

–Señor San Benito,  
meus fillos vos traio;  
doénte-los deixo,  
volvédemos sanos.

Por tres veces chorosa roguéivolo,  
todas tres sin me dar resultado,  
i os meus nenos entangarañidos  
morren todos entangarañados.

[...]

**“Tangaraños”, en Manuel Curros Enríquez,  
Aires da miña terra, 1880. Publicado en  
Poesía galega completa, edición de Carlos  
Casares, 1992.**



#### DESPEDIDA

Como ti vas pra lonxe  
i eu vou pra vello,  
un adiós, Mariquiña,  
mandarche quero,  
que a morte é o díaño  
i anda rondando as tellas  
do meu tellado.

Cando deixes as costas  
da nosa terra  
nin lus nin poesía  
quedará nela.  
Cando te vaias  
vaise contigo o ánxel  
da miña garda.

Pombiña mensaxeira  
de branca pruma  
fálalle ós emigrados  
da patria súa.  
Dilles, mimosa,  
que deles apartada  
Galicia chora.

Dilles que prós seus lares  
tornen axiña;  
que sin eles non queren  
pintar as viñas,  
regar os regos,  
madurar as castañas  
nos castiñeiros.

Dilles que non hai terra  
millor que a nosa  
máis ridentes paisaxes,  
máis frescas sombras,  
máis puros ceos,  
nin lúa máis lucente  
no firmamento.

Dilles que súas obrigas  
eiquí os esperan,  
je se onde elas non morren  
que se condenan!...  
I agora voa,  
pombiña, e que te guíe  
Nosa-Señora.

**“A Mariquiña Puga”, en Manuel  
Curros Enríquez, Poesía galega  
completa, edición de Carlos  
Casares, 1992.**

Xosé Filgueira Valverde

*Esta é a primeira cantiga*

Á vila de Santiago  
quero, madre, ir de grado,  
¡mirarei anxos!

Á vila do camiño  
Quero, madre ir cediño  
¡mirarei anxos!

Quero, madre ir ben cedo  
onde o canto é máis ledo,  
¡mirarei anxos!

**Segunda**

**Mirarei anxos, madre, fareime deles,  
cando nas portas tanxan, voando inxeles,  
en pedra viva.**

**Mirarei anxos, madre, faránme nova,  
cando nos outos tezan cantiga boa,  
na pedra viva.**

*Terceira*

Ai, anxos que vin veer,  
¿querédesme dicer  
cantiga en ceo?

Anxos que vin mirar,  
¿querédesme cantar  
cantiga en ceo?

¿Querédesme cantar  
do voso doce amar  
cantiga en ceo?

**Cuarta**

**¡Anxos de Compostela,  
amostrádeme a estrela,  
meus amigos!**

**Anxos dos pés lixeiros,  
amostrame os luceiros,  
meus amigos!**

**¡Amostrádeme a estrela,  
para ter guía por ela,  
meus amigos!**

**¡Amostrame os luceiros  
que endereitan vieiros,  
meus amigos!**

**Por guiarme por ela,  
anxos de Compostela,  
¡meus amigos!**

Quinta e derradeira

Cantai, anxos de Diego, baixo os arcos floridos,  
a carón dos pilares dos mesteres antigos  
e nas rúas abertas ó paso dos romeiros,  
¡cantai eternos!

Bailai, anxos do Apóstolo baixo as boutas labradas,  
á beira do sartego onde findan estradas,  
no Fisterre lonxano, polo mar dos anceios,  
¡bailai eternos!


A carón dos pilares dos mesteres antigos,  
cale a fala dos santos e o berro dos bestigos,  
a rolda dos meniños e a refenda dos vellos,  
¡cantai eternos!

A beira do sartego, onde findan estradas,  
nin troulas de folías, nin xoldas de ruadas,  
nin pasos de muiñeira, nin rebrincos chouteiros,  
¡voade eternos!

Baixo os arcos, as boutas, o pilar e o sartego,  
convosco, nosos anxos, os anxos de Mateo.

**Seguida para os *Anxos de Compostela* de Xosé Filgueira Valverde escrita en 1955. Este poema, dedicado a Gerardo Diego, é a resposta lírica do autor pontevedrés ao poema "Iris", dedicado por Gerardo Diego a Filgueira Valverde e que forma parte do poemario *Ángeles de Compostela* (1940). A presente versión foi publicada por primeira vez integramente en *El Correo Gallego* o 25 de xullo de 1987.**

## INTÉRPRETES



## REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA Orquestra

A Real Filharmonía de Galicia (RFG) nace da man da Xunta de Galicia en 1996 cunha vocación universal, como a propia cidade onde ten a súa sede, Santiago de Compostela. O Consorcio da cidade de Santiago é o organismo encargado da súa xestión.

Esta orquestra sinfónica, que representa en si mesma o concepto de espírito aberto, conciliador e amable que encerra a música, está formada por cincuenta músicos de diferentes nacionalidades que achegaron a súa experiencia, formación, tradición musical, empeño e ilusión. Xunto a eles, mestres como Maximino Zumalave,



músico comprometido coa súa cidade, como director asociado; Helmuth Rilling, o primeiro director titular da orquestra que achegou a forza e pulo necesarios para iniciar este proxecto; Antoni Ros Marbà, que consolidou a súa traxectoria durante catorce anos, e agora Paul Daniel, desde xaneiro de 2013, novo director titular, tiveron ou teñen a responsabilidade de conducir esta formación musical.

O seu traballo permitiu que especialistas de recoñecido prestixio acepten colaborar e compartir momentos de gran plenitude musical: Frank Peter Zimmermann,

Daniel Hope ou Vadim Repin (violín); Natalia Gutman, Lluís Clatet ou Enrico Dindo (violoncello); Joaquín Achúcarro, Rudolf Buchbinder ou Eldar Nebolsin (piano), e cantantes como Teresa Berganza, Thomas Quatshoff ou Matthias Goerne. E, por suposto, importantes directores de renome, como Frans Brüggen, Juanjo Mena, David Afkham, Hansjörg Schellenberger, Josep Pons ou Christop König, actual director invitado, puxeron o seu batuta á fronte da orquestra.

A Real Filharmonía de Galicia mantén unha tempada estable no Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela que compatibiliza con xiras e concertos nos escenarios de países como Alemaña, Austria, Francia, Brasil, Arxentina e, especialmente, Portugal, ademais das principais cidades españolas, onde salienta a súa participación na tempada cultural de Vigo.

Na discografía da RFG destacan os seus traballos dedicados a Manuel de Falla e Frederic Mompou, publicados en 2009, e a Maurice Ravel, en 2012. O seu último disco, editado en 2013, titúlase *Variaciones*, no que a orquestra e a soprano María Bayo renden homenaxe a Antón García Abril.

## MAXIMINO ZUMALAVE

### Director

Director e pianista compostelán, formouse musicalmente en Santiago, Madrid, Viena e Stuttgart. Foi discípulo de Ángel Brage, Rosa Sabater, Guillermo González, John Elliot Gardiner e Helmuth Rilling. Fundador e director do Coro Universitario de Santiago e do Collegium Compostellanum, principal director invitado da Orquestra Sin-



fónica de Galicia (1992-1995) e director asociado da Real Filharmonía de Galicia, formación da que foi fundador. Director asociado da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia e profesor de Sinfonismo nos Cursos Universitarios Internacionais de Música en Compostela. Con Maximino Zumalave actuaron solistas como J. Achúcarro, T. Barto, M. Bayo, E. Bitetti, R. Buchbinder, R. Castromil, A. Ciccolini, J. Colom, V. Gens, V. Georghiu, W. Holzmaier, as irmáns Labèque, N. Lahusen, A. de Larrocha, A. León Ara, Ch. Margiono, A. Nafé, M. Orán, A. Rolfe Jonson, G. Sandor, J. Soriano, I. Vermillion e F. P. Zimmermann, entre outros. Frecuente e moi especial é a súa colaboración con Teresa Berganza en diferentes países de Europa.

Dirixiu importantes formacións tanto estranxeiras como españolas, como a Orquestra de Cámara de Stuttgart, The English Chamber Orchestra, Sinfónica de Praga, Orquestra da Ópera Nacional de Sofía, Nacional de Lille, Sinfónica de Odense, Sinfónica de Porto, The Brabants Orchester (Eindhoven), Orkest van het Oosten (Enschede), English Baroque Soloist, Bach Collegium, Nacional de España, Sinfónica de Madrid, Ciudad de Barcelona, Sinfónica de Tenerife ou a Orquestra Ciudad de Granada, entre outras.

Foi invitado a participar en xurados e a presidir importantes certames e premios internacionais.

Maximino Zumalave dirixiu estreas absolutas de obras de Bernaola, Castillo, García Abril, Groba, Marco, Mestres Quadreny, Villa Rojo, coidando especialmente as primeiras audicións de novos compositores galegos como Alonso, Balboa, Buíde, Durán, Macías, Paz, Pereiro, Vázquez ou Viaño. O seu compromiso coa cultura de Galicia transcende alén da música: Torrente Ballester enviálle unha obra "lamentando que no pueda ser una sinfonía" e a poetisa Eva Veiga escribe:

*...Maximino,  
que coas súas mans do silencio  
arrinca  
a máis pura poesía,  
no espacio fuxidía  
no corazón eterna.*

É licenciado en Ciencias Biolóxicas, especialidade de Bioloxía Mariña.

En febreiro de 1995 foi elixido académico de número da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario. Dende 2010, é membro do Plenario, coordinador da Sección de Música e Artes Escénicas do Consello da Cultura Galega e, dende 2014, forma parte da Comisión Executiva desta institución. En xuño de 2008 o Consello da Xunta de Galicia concedeulle a Medalla Castelao.

## CARMEN DURÁN

### Soprano

A soprano galega Carmen Durán empeza a súa formación na Escuela Superior de Canto de Madrid con Lola Rodríguez de Aragón e Félix Lavilla, do que recibe clases de interpretación. Alí debuta en *Così fan tutte* e inicia a súa actividade concertística no Teatro Real como solista xunto ao Coro Nacional de España.

Prosegue os seus estudos en Milán, no Centro di Perfezionamento per Artisti Lirici del Teatro alla Scala, con Giulietta Simionato e forma parte do elenco en producións en que traballa con Abbado, Strehler, Kuhn, Taddei, Hoffmann, Brendel, Arena, etc. Nese mesmo teatro preséntase como cantante de lied xunto a Wladimir Cernov.

En Treviso gaña o primeiro premio do Concurso Internacional de Canto Toti dal Monte, o que propiciou o seu debut en Treviso e Rovigo; e continúa a súa actividade operística en Alemaña como titular do Stadttheater de Heidelberg, que a contrata para participar nunha produción de *Don Giovanni*.



Participa en numerosas producións como intérprete de Verdi, Puccini, Nicolai, Strauss, Gounod, Bizet en Gießen, Mannheim, Freiburg, Braunschweig, Dortmund, Colonia, St. Gallen e Basel, etc., e inicia unha intensa actividade concertística como intérprete de grandes oratorios e un vasto repertorio de lieder, especializándose en composicións de Schubert, Brahms, Schumann, Wolf, Mahler e Strauss, gabadas sempre pola crítica alemá. A especialización musical neste terreo vai acompañada dun profundo estudo da literatura da época, para a cal obtén a licenciatura alemá pola Universidade de Heidelberg.

Bolseira do Concello da Coruña e da Xunta de Galicia, foi convidada de festivais internacionais como o Heidelberger Frühling xunto á Philharmonisches Orchester der Stadt Heidelberg, Baden Baden, Karlsruhe, da televisión alemá (SWR), da Ruprecht-Karl-Universität de Heidelberg, do Festival de Ópera da Coruña, da Escola de Altos Estudos Musicais, da Sociedad Filarmónica da Coruña, do Festival Galicia Classics. Mantén unha colaboración especial co mestre Maximino Zumalave, con quen participou no terreo operístico xunto ao Grupo Instrumental Siglo XX (estrea mundial da ópera *O arame*, de Juan Durán); no terreo concertístico (*Kindertotenlieder* de G. Mahler e a gravación da obra vocal de José Arriola coa Real Filharmonía de Galicia) e no terreo liederístico como pianista, acompañándoa en numerosos concertos en que predomina o repertorio liederístico alemán, especialmente Mahler e Strauss.

Participou como solista, coa Real Filharmonía de Galicia, baixo a dirección de Maximino Zumalave, no primeiro Concerto das Letras Galegas, organizado polo Consello da Cultura Galega, en colaboración co Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela, que tivo lugar na histórica igrexa de San Domingos de Bonaval o 17 de maio de 2011. Entre os seus últimos proxectos atópase a gravación dun disco con obras de Villa-Lobos recreadas para voz de soprano e cuarteto de jazz, que sairá ao mercado en breve co selo discográfico Karonte.

## **GABRIEL ALONSO DÍAZ**


### **Barítono**

Gabriel Alonso Díaz nace en Ferrol (A Coruña) en 1991. É un barítono que inicia os seus estudos oficiais de canto no Conservatorio Profesional de Música "Xan Viaño" no ano 2011, centro no cal cursa actualmente Grao Profesional. Tamén neste conservatorio estuda a especialidade de Saxofón, e obtén as máis altas cualificacións en ambas as especialidades, con tres matrículas de honra. Neste centro é alumno de Arantxa García e, anteriormente, de Luz Alonso, así como da pianista repertorista Alexandra Pita Hevia. É, ademais, alumno do prestixioso barítono Juan Jesús Rodríguez e asiste a cursos de interpretación e repertorio vocal coa soprano Patricia Rodríguez e de Dirección Coral co mestre Basilio Astúlez. No ano 2014, foi gañador da Fase Autonómica do Concurso Intercentros da Fundación Orfeo, para representar a



Comunidade Autónoma de Galicia na Fase Final Nacional. Recibiu tamén o Primeiro Premio ao Mellor Intérprete de Zarzuela no Concurso de Canto de Amigos da Ópera de Santiago de Compostela. Inicia a súa carreira operística en febrero de 2015 no Teatro Victoria Eugenia de San Sebastián, co título *Il barbiere di Siviglia*, xunto a artistas como Silvia Beltrami, Alberto Zannetti, Sergio Vitale..., e baixo a dirección musical de Diego García Rodríguez. Entre os seus próximos proxectos atópanse diversos recitais de ópera e zarzuela, así e como a estrea absoluta dunha ópera en galego.

## **NOTAS AO PROGRAMA**



# PONTEVEDRA É UNHA CANTIGA

**LUÍS COSTA VÁZQUEZ**  
Sección de Música e Artes Escénicas  
Consello da Cultura Galega

Coido que, desde que o Consello da Cultura Galega vén celebrando este concerto conmemorativo do Días das Letras, nunca como neste 2015 tivo tanta xustificación polo que á presenza da música respecta. Dicar Xosé Filgueira Valverde é dicir unha parte imprescindible da música de Galicia; pois, non sendo compositor, nada na música lle foi alleo, e particularmente na que tivese que ver con Pontevedra, en concreto. Desde o que fora a súa xuvenil disertación de doutoramento, arredor da *Cantiga CIII* da colección afonsina, ata as intensas xestións realizadas para recuperar o Conservatorio da cidade en 1955. Filgueira achegouse á música popular desde o seu traballo no Museo de Pontevedra e o estudo das tradicións; á música coral, a través da tutela da Polifónica ou da creación do coro dos Cantores do Instituto; á creación culta e de vangarda, en razón do seu papel de conferenciante e promotor de toda clase de iniciativas musicais na cidade. E, sobre todo, cumpre un papel central como musicógrafo e fundidor dun primeiro relato explicativo total para a música de Galicia, no longo prólogo que escribira para a publicación do *Cancioneiro musical* de Casto Sampedro, en 1942.

O programa deste concerto resume, ata onde fose posible, esta vocación musical de amplo horizonte que atravesa toda a vida e a obra do polígrafo pontevedrés. Desde o *lied*, que Filgueira promovera especialmente nos Festivais da Canción Galega realizados na cidade do Lérez nos primeiros anos de 1960, ata a música sinfónica inspirada directamente nas tradicións musicais e festivas da Boa Vila; e, mesmo, engadindo hoxe unha nova achega ás composicións que tomaron como motivo os poemas de Filgueira Valverde.

## O lied galego a un e outro lado do Miño

O xénero da canción de concerto ou *lied* en galego configura un dos espazos predilectos para dar expresión ás arelas dunha identidade artística diferenciada. Carentes dunha tradición orquestral comparable á italiana ou á centroeuropea, e dificultado

o xurdimento dunha ópera nacional pola escaseza dos recursos que tal empresa comportaba, os creadores galegos de entre as dúas repúblicas atoparon no *lied* o xénero idóneo para dar presenza musical a unha vontade creadora que só precisaba de textos de calidade, como os que forneceron os poetas do *Rexurdimento*, e de recursos materiais moi discretos: o piano e a voz. A produción liederística foi en Galicia particularmente abundosa, e aínda hoxe na súa meirande parte permanece inédita e pouco coñecida, malia a presenza de autores tan recoñecidos como Juan Montes, José Baldomir e José Castro “Chané”. Deste último son as catro cancións que hoxe conforman parte do programa, trocado o acompañamento pianístico orixinal pola orquestración. Pero os poetas galegos non só inspiraron aos músicos do país. Compositores doutras partes de España, e tamén de Portugal, tomaron con frecuencia textos en galego para as súas creacións. Neste contexto, a presenza dos músicos portugueses é doadamente explicable dada a proximidade, tanto da lingua, como dos sentimentos que agroman na poesía dos clásicos galegos: a morriña, a saudade, a percepción lírica da natureza e, mesmo, un certo sentido trágico e melancólico da vida, e da existencia.

Joly Braga Santos (1924-1988), lisboeta e discípulo predilecto de Luís de Freitas Branco, tomou deste un estilo historicista de corte neoclásico. Posteriormente, a súa estancia en Roma entre 1959 e 1960 e o contacto coas vangardas europeas levárono a explorar territorios próximos ao atonalismo. As cinco cancións sobre textos de Rosalía de Castro, co título homónimo da obra da padronesa, *Cantares gallegos* (op. 54), corresponden aos últimos anos do compositor, nun momento de certa volta aos principios da escritura máis transparente do neoclasicismo e o modalismo. Foron realizadas en 1983, adicadas á soprano María Orán, por encargo da Fundación Gulbenkian, se ben non serían estreadas pola adicataria na súa versión orixinal ata 2007. Nas notas que acompañan a gravación única que coñezo desta obra, o rexistro realizado por María Orán coa Orquestra de Estremadura, baixo a dirección de Jesús Amigo, resáltase o carácter programático da música en relación co texto de Rosalía. *Campanas de Bastabales*, onde ecoan as campás; *Aló pola mañanciña* co seu acompañamento fluído, como de camiñar lixeiro; *Paseniño, paseniño*, tempo lento que evoca a posta do sol e que conecta co anoitecer evocado en *Cada estrela o seu diamante*; e, finalmente, ese sentido melancólico do tempo que se vai sen volta, en *Corre o vento, o río pasa*, melancolía intemporal, suxerida pola volta ao material temático das badaladas do inicio do ciclo.

José Castro “Chané” (1856-1917) acadou sona como director de orfeóns, e especialmente do coruñés El Eco, co que gañara o certame de París de 1889. No ano 1893 emigrou á Habana, onde trabou amizade con Manuel Curros Enríquez. As catro cancións sobre textos deste poeta, *Cantiga, Os teus ollos, Tangaraños, Un adiós a Mariquiña*, conforman un dos clásicos máis recorrentes dentro da tradición do *lied* en galego. Tanto é así que unha delas, *Cantiga* –“Unha noite na eira do trigo”–, xa fora apropiada polo pobo e vulgarizada nunha versión anterior atribuída a Cesáreo Alonso Salgado, e outras serían posteriormente, e converteríanse en auténtico folclore,



transmitido de viva voz, como a temos escoitado en máis dunha ocasión, perdida xa a referencia á autoría, no que é o maior timbre de popularidade que un compositor pode acadar. Agás *Cantiga*, que habería de permanecer inédita ata 1990, as demais foron editadas polo coruñés Canuto Berea entre finais do s. XIX e os primeiros anos do s. XX. Nas catro cancións, “Chané” amosa o estilo belcantístico propio do romanticismo serodio, cunha harmonización sinxela, pero moi eficaz, sen estorbar en ningún momento a prosodia e o sentido do texto. A instrumentación con que hoxe se presentan vén da man de Juan Durán (Vigo, 1960), un dos compositores de referencia no panorama creativo galego actual. Durán abordou todos os xéneros, desde o sinfónico ao camerístico, pasando polos diferentes rexistros da música vocal, incluída unha ópera, *O arame*, primeira ópera en galego en case cen anos, logo da estrea de *O Mariscal* en 1929. A instrumentación das catro cancións de “Chané”, realizada en 2005, supón a ascensión dun reto arriscado perante unhas obras tan consagradas, do que Durán sae con éxito, amosando un fondo dominio da orquestración e unha comprensión do sentido dramático orixinal de “Chané”, que realza e intensifica co curso da orquestra.

## O mundo musical de Pontevedra e Filgueira

A segunda parte do concerto ten un sabor plenamente pontevedrés pola música, polas letras no seu caso, e mesmo polo mundo que ecoa nas dúas obras, como comentarei deseguido. E, en ambos os dous casos, a figura de Xosé Filgueira Valverde aparece directa ou indirectamente na cerna das obras e da poética dos compositores.

A relación de Antonio Iglesias Vilarelle (1891-1971) con Filgueira, do que foi practicamente coetáneo, está a ser posta en primeiro plano nos traballos de investigadores como Fernando Otero Urtaza e, especialmente, na inminente tese de doutoramento monográfica de José Antonio Cantal, editor da obra que hoxe se presenta. Vilarelle e Filgueira foron colaboradores estreitos en todo canto tiña que ver coa vida musical en Pontevedra: desde a creación da Sociedade Coral Polifónica, a Orquestra de Cámara, o labor na Sociedade Filharmónica ou o episodio último da refundación do Conservatorio, en 1955, do que Iglesias Vilarelle sería –por empeño especial de Filgueira– o primeiro director nesta segunda etapa. Máis alá diso, cómpre lembrar que Iglesias Vilarelle compartiu con Filgueira moitos espazos no ámbito académico: formaba parte da Comisión Provincial de Monumentos –que daría nacemento ao Museo de Pontevedra–, participou na creación do Seminario de Estudos Galegos, fora académico da Real Academia Galega –tamén da de Belas Artes–, etc. En fin, pódese dicir que Vilarelle estaba completamente na cerna daquel núcleo de pontevedreses que, con Filgueira, Sánchez Cantón e outros, laboraban intensamente en toda canta iniciativa cultural se desenvolvía na cidade.

Pero aínda máis, a sintonía de Vilarelle e Filgueira chegaba ao ámbito ideolóxico, institucional e persoal. Os dous compartían a mesma matriz do galeguismo conser-

vador que tivo en Pontevedra un dos seus focos máis activos ata a Guerra Civil, e, posteriormente, o do único galeguismo tolerado polo franquismo. Cómpre lembrar, neste sentido, que Vilarelle foi un dos promotores e director da revista *Logos*, portavoz dun pensamento católico moderadamente crítico e que entroncaba coa vella corrente do galeguismo tradicionalista cultivado por eclesiásticos como López Ferreiro ou rexionalistas declarados como Alfredo Brañas. En máis dunha ocasión Iglesias Vilarelle puxo en música textos de Filgueira. O Museo de Pontevedra conserva, a modo de exemplo, a canción *Cantiga do amor que durme*, así como un interesante corpus epistolar entre os dous –máis meritorio tendo en conta que, dada a proximidade física, as relacións foron tan directas que dificilmente deixaron documentos escritos–; unha relación pois intensa que está aínda por aquilatar.

A suite para instrumentos de arco e frauta *Chucurruchú* é unha das dúas suites sinfónicas que deixou este compositor, nacido en Santiago pero completamente naturalizado pontevedrés. Trátase dunha obra en tres movementos cun carácter descritivo. Os tres subtítulos –*Alborada, Corpo Santo, Despedida*– evocan, ao xeito dun poema sinfónico, tres momentos dunha celebración fundamentalmente asentada nas vellas tradicións pontevedresas. Co nome de *Chucurruchú* é coñecida popularmente a celebración da oitava do Corpus Christi, na que saía igualmente a custodia e facíase procesión cos gremios na cidade. Iglesias Vilarelle bota man de temas folclóricos para construír unha obra de claras raizames pontevedresas: polas súas páxinas desfílanse motivos e melodías que forman parte da longa tradición dos gaiteiros da comarca, o de Poio –Manuel Villanueva– e logo o de Campañó –Juan Tilve. O mesmo Filgueira rexistrara en 1947, nunha gravación totalmente pioneira, catro destas melodías do corpus pontevedrés, e volvería novamente sobre o asunto do *Chucurruchú* no seu traballo “El Corpus viejo en Pontevedra” (1975), aínda que as melodías que aquí reproduce non se corresponden coas que reelabora Vilarelle.

Na *alborada* inicial recoñécese perfectamente *Aires de Pontevedra* do gaiteiro de Campañó, tema amplamente difundido máis recentemente en recreacións do contorno do folk. *Corpo Santo* evoca o momento propio da procesión, alternando o aire solemne, co que se inicia o movemento, coa melodía da *Marcha do Corpus*, tamén do de Campañó. O último movemento baséase en dous aires ledos de pasacalles de moi sinxelo deseño, o primeiro deles, da *Diana de pito y tambores de la Virgen Blanca*, de xenuína tradición do corpus pontevedrés. Como composición descritiva, a suite presenta unha forma aberta en sucesión dos diferentes motivos e aires. Non obstante, apréciase o fondo historicista e tradicionalista, tanto no uso dos temas que se mencionaron, como nalgúns procedementos construtivos. Vilarelle pretende un certo carácter cíclico coa reutilización dalgunhas células –como sucede ao inicio dos movementos primeiro e segundo– e, igualmente, bota man de procedementos “de escola”, como é o uso de episodios en estilo fugado ou breves progresións. A escritura é, polo demais, claramente diatónica, por veces un tanto estraña polo uso de modalismos que parecen desorientar o sentido do discurso, e mesmo ocasionalmente experimental, dun atrevemento que Vilarelle se pode permitir, desde a linguaxe moi

persoal do autodidacta que era en cuestións musicais. O *Chucurruchú* foi composto en 1937, segundo indicación do mesmo autor. A estrea realizouse en 1939 en Lisboa, con dirección e, mesmo, arranxos sobre o orixinal de Luís de Freitas Branco —aínda que xa en 1938 a Orquestra de Cámara de Pontevedra estreara o 2º movemento. Só tivo, que eu saiba, catro audicións máis, a última en 1950 en Vigo, o que fai da súa presentación en Pontevedra, e no contexto filgueiriano, un reencontro particularmente acertado e histórico.

Como remate do concerto, e continuando con outra tradición xa asentada, ten lugar a estrea absoluta dunha obra de encargo. O autor, Xavier de Paz (A Coruña, 1963), é unha figura xa plenamente recoñecida. Formado academicamente en Galicia, Madrid e logo en Alemaña, Estados Unidos e Italia, De Paz acadou diversos premios relevantes e recibiu encargos de institucións dentro e fóra de Galicia, ademais de traballar desde Madrid como editor crítico de obras históricas. *Dúas cantigas* é unha obra encargo do Consello da Cultura Galega para esta ocasión, para voz e orquestra, sobre dous poemas de Filgueira Valverde. O compositor abordou a forma musical seguindo as estruturas propostas polo texto, e polos procedementos neotrobadorescos que lle son propios, como o paralelismo e o leixaprén, de xeito que ás repeticións textuais corresponden repeticións do material musical. Para unha poesía que procura conscientemente a claridade e a simplicidade, De Paz propón unha escritura orquestral camerística, lixeira e de perfís claros, na que as disonancias harmónicas resultan diluídas e amortecidas pola apertura das liñas melódicas. Indo máis alá dos procedementos explícitos, De Paz propón unha moi acertada contextualización da obra, no contorno da lírica medieval galega, que o ouvinte atento poderá apreciar: “quixen render tamén un tributo á tradición trobadoresca mediante a inclusión de citas directas das melodías de Martín Códax”. O resultado son dúas cantigas que, partindo dunha linguaxe actual, tenden un longo arco desde a tradición lírica medieval ata o noso tempo. Un intemporal “tempo de gozo” que xungue a peripecia histórica da música galega coa do propio protagonista desta conmemoración do Día das Letras.

## CONCERTO DAS LETRAS GALEGAS 2015

### Organiza

Consello da Cultura Galega

### Colaboran

Afundación

Abanca

### Agradecementos

Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra

Museo de Pontevedra

Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela

Real Academia Galega

### Gráfica

Imago Mundi

### Imprime

Gráficas Brial

### Depósito Legal

C 823-2015

